

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CEIP MANUEL VILLAR PARAMÁ
CURSO ESCOLAR 2019/2020

REVISIÓN Nº 1:
02/12/2019

TÁBOA DE CONTIDO

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	4
3.	OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	6
4.	LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	7
5.	DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA	8
6.	EXENCIÓNS.....	9
A.	PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE	9
B.	MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS	9
C.	MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN ..	10
7.	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.....	11
A.	COMPOSICIÓN	11
B.	FUNCIÓNS.....	11
I.	COORDINADOR/A	11
II.	EQUIPO	11
8.	PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	12
9.	PLURILINGÜISMO	13
A.	PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)	14
B.	SECCIÓNS BILINGÜES	14
10.	AVALIACIÓN.....	15

1. INTRODUCCIÓN

A persoa plurilingüe ten unha identidade propia, xa que logo posúe varios códigos en contínua interacción. As aprendizaxes realizadas en varias linguas promoven o desenvolvemento da conciencia metalingüística e, ao mesmo tempo, inciden no desenvolvemento cognitivo.

Para levar este Proxecto a bo termo, é imprescindible saber o noso punto de partida, o fin ou propósito que queremos acadar, as estratexias ou metodoloxía, así como os recursos para conseguir as nosas metas.


O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de le lingua galega.
- Decreto 105/2015, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucción para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamientos das sentenzas do Tribunal de
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Resolución do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil).


2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

A análise sociolingüística realizada no Centro con respecto ao noso contexto xeográfico e cultural, está baseada na observación e no tratamento da información que se desprende do coñecemento das familias dos alumnos/as xa que, ao se tratar dun centro pequeno é sinxelo corroborar os datos por observación en contextos espontáneos, como son as entradas e saídas ás aulas e as actividades nas que participa toda a Comunidade Educativa xa que, no centro estudan 93 discentes.

A característica principal do centro e o seu contexto é o emprego da lingua galega por parte da Comunidade Educativa, dado que case a totalidade do alumnado son galego-falantes.



A maioría dos nenos e nenas coñecen en menor contía o castelán. O certo é, que a moitos nenos/as, cústalles expresárense en castelán máis aló da linguaxe automática e de cortesía e das ordes sinxelas, sendo a comprensión moito máis ampla.



A. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

- ◇ Lingua empregada habitualmente nas familias: *Galega*.
- ◇ Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias: *Galega*.
- ◇ Lingua empregada polo Concello: *Galega*.
- ◇ Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno: *Galega*.

B. SITUACIÓN DO PROFESORADO:

- ◇ Lingua habitual do profesorado: *Ambas as dúas*.
- ◇ Nivel de capacitación na actividade diaria: *Todo o profesorado ten feito o curso de perfeccionamiento de lingua galega*.
- ◇ Actitudes cara á utilización das dúas linguas sinaladas no Decreto por parte do profesorado: *Totalmente positivas. O emprego das dúas linguas non supón ningún tipo de conflito*.

C. SITUACIÓN DO ALUMNADO:

- ◇ Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá: *Galega*.
- ◇ Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar: *Galega*.
- ◇ Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar: *Galega, salvo nas asignaturas específicas aprobadas para facer cumprir o Decreto de plurilingüismo*.
- ◇ Como é a competencia comunicativa en castelán e en galego que traen do curso anterior?: *Boa*.

D. A AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO:

- ◇ Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do Centro, nas informativas dos taboleiros: *Total.*
- ◇ Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións pertencentes á autonomía: *Total.*
- ◇ Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais: *80% galego e 20% castelán.*
- ◇ Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do Centro: *Total.*
- ◇ Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares: *Inténtase combinar o emprego das mesmas dependendo das actividades e do seu contexto de realización.*
- ◇ Dotación de fondos en galego na biblioteca: *82%*
- ◇ Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación: *Empregamos tradutores nos procesadores de textos. Temos elaborada a páxina web do Centro integramente en galego.*

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Potenciar o uso da lingua galega por parte da comunidade educativa e eliminar se fora o caso os posibles prexucios se os houbera.
- Lograr unha actitude positiva da Comunidade Educativa en favor da normalización.
- Potenciar o respecto a todas as linguas e culturas do entorno escolar.
- Divulgar entre toda a Comunidade Educativa o Proxecto Lingüístico do Centro.
- Potenciar a linguaxe oral e escrita no noso alumnado como medio de expresión, comunicacións, etc,...
- Fomentar o uso da Lingua Galega en todas as actividades extraescolares e complementarias programadas no Plan Xeral Anual e noutras que xurdan puntualmente durante o curso.
- Celebrar o Día das Letras Galegas dando a coñecer a toda a Comunidade Educativa información sobre a figura homenaxeada, asímesmo se levarán a cabo actividades didácticas para traballar a figura de dito personaxe.
- Publicar e difundir a través da páxina web do Centro todas as actividades, tarefas, conmemoracións, etc..., feitas durante o curso escolar.
- Fomentar a galeguización das dependencias do Centro con cadros, murais, fotografías, exposicións, etc...
- Colaborar cos centros educativos da contorna na realización de actividades conxuntas.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Constitución do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).
- Elaboración das liñas básicas de actuación para a súa inclusión na PXA.
- Elaboración do Proxecto para o fomento do uso do galego.
- Difusión do Proxecto entre a Comunidade Educativa.
- Colaboración na celebración do Magosto e Samaín.
- Colaboración na celebración do Entroido e día da Paz.
- Recompilación das coplas realizadas nos “encontros” dos Xenerais do Ulla e difusión das mesmas.
- Elaboración e difusión de diferentes materiais sobre a figura do autor/a homenaxeado/a no día das Letras Galegas.
- Elaboración da Memoria final.
- Reunións mensuais de planificación e información, rexistro de actas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego e promover o seu uso.
- Fomentar o emprego das TICs, con materiais específicos en galego.
- Elaboración de boletíns e trípticos de recomendacións bibliográficas.
- Reorganización do espazo web do propio equipo.
- Reunións periódicas con outros EDLG da zona para planificar actividades conxuntas.
- Reunións planificadas: Planificarase alomenos unha reunión mensual cos integrantes do equipo en horario de 17:00 h a 18:00 h da que se levantará a súa correspondente acta. Informarase ao resto do profesorado a través da representación do EDLG na CCP.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
EF	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
LINGUA CASTELA	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3	I
LIGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
MÚSICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
PLÁSTICA	1	I	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	G	2	G	1	G	1	G	1	G	1	G
LIBRE CONFIGURACIÓN							1	C			1	I
CASTELÁN (%)	50%		52,20%		50%		54,50%		52,40%		52,40%	
GALEGO (%)	50%		47,80%		50%		45,50%		47,60%		47,60%	

6. EXENCIÓNS

A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE

Ante a posible chegada de algún alumno/a que se incorpore ao Centro procedente doutras comunidades autónomas ou do extranxeiro que descoñeza a materia de lingua galega, dito alumno/a pode solicitar a exención do estudo de dita lingua, sempre que concorran os requisitos establecidos.

No caso de que este alumnado se incorpore no 3º ciclo (cursos 5º e 6º de Primaria) poderá ter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares, de todos os xeitos o alumnado deberá solicitar a exención para cada ano académico e os seus efectos limitaranse ao citado ano.

Nos respectivos documentos oficiais de avaliación se fará constar a exención concedida.

En canto a exención temporal seguirase o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo e na orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio.

B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

- ◇ Seleccionar materiais lingüísticos específicos axeitados ao nivel e idade do alumnado.
- ◇ Elaboración de recursos lingüísticos específicos.
- ◇ Creación dun aula de recursos.
- ◇ Planificar actividades con diferentes graos de dificultade, que permitan diferentes graos de consecución.
- ◇ Traballos en pequenos grupos.
- ◇ Recursos audiovisuais.
- ◇ Contos.
- ◇ Unidades didácticas.
- ◇ Cancións, adiviñas, refráns, trabalinguas,...
- ◇ Dicionarios semánticos, de sinónimos, bilingües.
- ◇ Software en galego.
- ◇ Membros do EDLG.
- ◇ Titores.
- ◇ Mestres especialistas.
- ◇ Contacontos.

C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

Os procesos da aprendizaxe e da ensinanza das linguas non poden ser uniformes nin homoxéneos, xa que cada alumno/a aprenderá segundo o seu ritmo de aprendizaxe, de capacidade e de intereses. Requírese, polo tanto, un tratamento didáctico diferenciado para ofrecer camiños diferentes e fuxindo da equivalencia nivel – idade.

Considerando estes aspectos, o Centro diseñará as seguintes medidas para o alumnado que, con insuficiente dominio das linguas, poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten:

- 1.- Adaptar a ensinanza ás características e as necesidades dos alumnos/as, axeitando o Centro aos alumnos e non estes á escola.
- 2.- Centrar a aprendizaxe dos alumnos/as en enfoques diferentes, como na aprendizaxe cooperativa ou na autoaprendizaxe.
- 3.- Flexibilizar a estrutura organizativa: horarios, agrupamentos, organización da aula, etc...
- 4.- Elaboración e adecuación de materiais técnicos e didácticos.
- 5.- Comunicación coa familia.
- 6.- A introducción nos novos códigos deberá facerse de forma gradual e contextual, proporcionando ao alumnado con necesidades educativas específicas un papel activo e ofrecéndolles situacións de diálogos, en relación cos seus temas de interese, espontáneas e cercanas a súa realidade, fuxindo de formas artificiais e favorecendo as aprendizaxes funcionais.
- 7.- Evitar, no posible, o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.

7. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

Neste curso escolar 2019/20 o EDLG está formado por:

- ⇒ Concepción Castiñeiras Suárez, directora do Centro e titora de 4º de Primaria.
- ⇒ Marta Rodríguez Fernández, mestra especialista de Pedagogía Terapéutica.
- ⇒ Teresa Tato Carbajales, mestra especialista en Lingua Inglesa.
- ⇒ Silvia López Sande, secretaria do Centro e especialista de Educación Física (Coordinadora).

B. FUNCIONES

I. COORDINADOR/A

Serán competencias do/a coordinador/a:

- Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á Comisión de Coordinación
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do Centro.
- Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionados coa realidade galega.

II. EQUIPO

Serán as seguintes:

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro (PEC).
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - ◇ Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do Centro.
 - ◇ Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

- Propoñer á CCP, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folklore, etc, no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aquelas outras funcións que a Consellería de Educación establece na súa normativa específica.

8. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Organizaranse de forma xeral as seguintes actividades:
- Dinamizar a participación desde as titorías
- Dinamizar a participación das familias
- Colaborar con asociacións que traballen a prol da conservación da identidade cultural e folklórica da zona
- Recuperación de xogos tradicionais e populares da contorna
- Ambientación de espazos comúns e aulas
- Deseño de actividades de recompilación, exposición, investigación, etc, propios de cada conmemoración
- Coordinación dos festivais abertos ás familias de Entroido e Letras Galegas.
- Participación en certames literarios, contacontos, obradoiros, concursos,...
- Deseño e organización de actividades no tempo de lecer que utilicen o galego como lingua de comunicación.
- Organizar recreos activos, campañas de animación á lectura, cartelería da biblioteca, etc...

9. PLURILINGÜISMO

Segundo se dispón no Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso Centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante no alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo Centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a.

No caso do noso Centro, a lingua predominante para E. Infantil é o galego, tendo en conta o resultado da pregunta aos pais, da realidade sociolingüística da contorna e da garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na Programación Xeral Anual.

Na Educación Primaria e segundo se dispón no Decreto anteriormente mencionado, no noso Centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

É importante destacar que segundo as instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universiatrio de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: “O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área ou materia. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio da lingua que teña o alumnado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais.

A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.

A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

Establécense dúas medidas de atención á diversidade: o Reforzo Educativo e a Adaptación Curricular.

O Reforzo Educativo, que trátase dunha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo: á secuencia dos contidos, aos instrumentos de avaliación, a metodoloxía... Non supón medidas extraordinarias nin necesita autorización para ser levadas a cabo. Serán elaboradas polo profesorado que imparta as áreas de lingua galega, castelá e inglesa, co coñecemento do profesor titor, o equipo directivo e a familia. O seu desenvolvemento realizarase no contexto ordinario e polos profesores que imparten as tres áreas, puidendo contar coa colaboración doutros profesionais, colaboración que non deberá substituír a actuación habitual do profesor/a.

As Adaptacións Curriculares aplicaranse unha vez esgotado o Reforzo Educativo. Trátase dunha medida extraordinaria que modifica un ou máis elementos prescriptivos do currículo como os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos e complementados. A súa elaboración e desenvolvemento levarase a cabo nun contexto ordinario, tendo unha duración mínima dun ciclo escolar. O seu deseño e desenvolvemento correrá a cargo do profesor/a que imparta a área coa colaboración do Departamento de Orientación. A súa aplicación se integrará, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de referencia. Previamente á realización da AC, o Centro deberá realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación sociofamiliar do alumno/a e sobre o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

B. SECCIÓNS BILINGÜES

Actualmente no Centro está implantada a Sección Bilingüe na área de Plástica no 1º curso da Educación Primaria.

10. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14). Previamente, realizaremos unha valoración deste na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que xurdan expoñeranse no Consello Escolar, quen, como xa indicouse, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proceso remitiráselle cada catro cursos escolares ao Servizo de Inspección Educativa.

Anualmente elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

Os resultados en E. Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo Centro no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

Se é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua estranxeira, informarase sobre os cambios aprobados polo Centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación.

A directora e presidenta do Consello Escolar.

Asdo. Concepción Castiñeiras Suárez